

PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL
CEIPP DA LAXE

CURSO: 2023/2024

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10/10/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 10/10/2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 12/10/2023

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO
2. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE
3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE
4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
5. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO
6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS
7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO
8. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS
9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO
10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO
11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO
12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO
15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA
16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR
17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR
18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA
20. PLAN ANUAL DE LECTURA
21. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL
22. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES
23. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL. ABALAR/EDIXGAL
24. ABALAR/EDIXGAL. CONCRECIÓN ANUAL.

- 25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE**
- 26. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- 27. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL**
- 28. PLURILINGÜISMO**
- 29. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL**
- 30. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS**
- 31. PLAN PROXECTA**
- 32. PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO**
- 33. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO**
- 34. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

Anexos:

- **PLAN DE ADAPTACIÓN Á EDUCACIÓN INFANTIL**
- **PROGRAMA HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS**
- **PLAN DIXITAL**
- **PLAN DE TRABALLO DO COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA**

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Obxectivo: Revisar e actualizar diferentes documentos do centro			
Acción 1	Revisar os documentos de centro e actualizar os que sexan necesarios.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Actualización do documento		
Responsables	Equipo Directivo e Claustros		
Recursos e materiais	Antigos documentos		
Acción 2	Revisar o Plan Dixital de Centro		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Consecución dos obxectivos propostos		

Responsables	Equipo Directivo e Equipo TIC
Recursos e materiais	Normativa vixente

Obxectivo: Fomentar o proxecto anual de centro: "MarabillARTE"			
Acción 1	Relacionar todas as actividades do centro co tema do proxecto anual.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Aprendizaxe transversal sobre as sete marabillas do mundo moderno, ubicacións, países, características...		
Responsables	Todo o profesorado		

Obxectivo: Dinamizar a biblioteca escolar	
Acción 1	Dinamizar a biblioteca do centro

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Uso dos diferentes recursos da biblioteca		
Responsables	Equipo de biblioteca e equipo directivo		
Acción 2	Potenciar a biblioteca como eixo central das actividades de centro		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Dinamizar o centro dende a biblioteca a través de todos os seus recursos.		
Responsables	Equipo de biblioteca e equipo directivo		

Obxectivo: Potenciar a lingua galega a través do proxecto do EDLG	
Acción 1	Programar actividades para fomentar o uso da lingua galega

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación de todo o alumnado nas actividades propostas polo EDLG.		
Responsables	Todo o profesorado		
Acción 2	Mellorar a competencia lingüística en galego		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Motivación dos alumnos e alumnas cara a aprendizaxe da nosa lingua.		
Responsables	Todo o profesorado		

Obxectivo: Impulsar a formación do profesorado	
Acción 1	Coordinarse co CFR

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	☒	☒	☒
Indicador	Participación do maior número de mestres		
Responsables	Coordinadores PFPP e Equipo directivo		
Acción 2	Adquisición de coñecementos STEAM, traballar cara a un enfoque cooperativo e formarnos no tema de patios activos		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
	☒	☒	☒
Indicador	Poñer en práctica estes coñecementos na aula e nos patios		
Responsables	Profesorado		

Obxectivo: Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Manter reunións semanais para atopar solucións aos problemas que

Acción 1	xurdan.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Atención personalizada para alumnado con necesidades.		
Responsables	DO e profesorado implicado		
Acción 2	Velar pola inclusión en todas as actividades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Adaptación das actividades propostas á realidade do noso centro		
Acción 3	Adaptar os espazos a todo o alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Espazos adaptados
Responsables	Todo o profesorado

Obxectivo: Mellorar as infraestruturas dos patios			
Acción 1	Eliminar todo tipo de barreiras arquitectónicas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Remodelación do centro para facelo máis accesible		
Responsables	Equipo directivo e administracións competentes.		
Acción 2	Renovar e remodelar aqueles espazos en peor estado de conservación		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Remodelación do centro para facelo máis accesible e práctico
Responsables	Todo o profesorado e administracións educativas

Obxectivo: Potenciar a comunicación entre os membros da comunidade escolar			
Acción 1	Empregar a axenda escolar, AbalarMobil e a páxina web do centro para as comunicacións.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Mellora da comunicación entre toda a comunidade educativa.		
Responsables	Toda a comunidade educativa		
Acción 2	Realizar titorías coas familias		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Mellora da comunicación entre toda a comunidade educativa.
Responsables	Todo o profesorado

Obxectivo: Actualizar e potenciar a web do centro			
Acción 1	Manter actualizada a web do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Proxección de todas as actividades e proxectos nos que se participa a toda a comunidade educativa.		
Responsables	Equipo directivo		
Acción 2	Darnos a coñecer a través das redes sociais		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Proxección de todas as actividades e proxectos nos que se participa a toda a comunidade.
Responsables	Equipo TIC e equipo directivo

Obxectivo: Mellorar a competencia lingüística en inglés			
Acción 1	Mellorar a competencia a través de diversos programas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Motivación do alumnado na aprendizaxe de lingua inglesa.		
Responsables	Seccións bilingües e equipo directivo		
Acción 2	Uso da lingua inglesa na área de expresión plástica en toda a primaria.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>

Indicador	Participación do alumnado en debates, xogos, conversas e entrevistas.
Responsables	Sección bilingüe

Obxectivo: Fomentar a experimentación con ferramentas dixitais no centro			
Acción 1	Formar a todo o alumnado e profesorado no uso das tecnoloxías, especialmente 5º e 6º EP. Continuar co Proxecto Edixgal nestes cursos.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Dotará comunidade educativa dunha formación rica nas novas tecnoloxías		
Responsables	Profesorado e CFR		
Acción 2	Fomentar o uso dos recursos de Polos Creativos e poder sacar todas as aprendizaxes posibles dende este enfoque		
	Temporalización		

	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Dotará comunidade educativa dunha formación rica nas novas tecnoloxías		
Responsables	Profesorado e administración		

Obxectivo: Levar a cabo conferencias, talleres, debates, escola de familias...

	Organizar conferencias, talleres, debates, escola de familias...		
Acción 1	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
	Indicador Implicación das familias na vida do centro		
Responsables	Equipo directivo, profesorado e CFR.		

Obxectivo: Concienciar a toda a comunidade educativa sobre a importancia da "educación en saúde".

Acción 1	Seguimento do calendario de merendas		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Merendas semanais		
Responsables	Toda a comunidade educativa		
Acción 2	Incorporación do alumnado ao programa DAFIS despois de realizar as probas físicas e valorar a condición física en idade escolar.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Implicación das familias na condición física dos seus fillos/as.		
Responsables	Mestre de educación física.		

2. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE

O PE do centro está en continua renovación con todos os plans e proxectos correspondentes.

Neste curso escolar continuamos apostando por unha educación inclusiva, cunha metodoloxía cooperativa no ciclo de educación infantil a través da creación de dúas aulas mixtas, sabemos a riqueza que existe no traballo en grupos de diferentes idades con respecto ao desenvolvemento da responsabilidade, a mellora da autoestima e a independencia para os alumnos e alumnas.

En primaria, o alumnado estará organizado en grupos de traballo cooperativos, segundo os principios básicos da aprendizaxe cooperativa, de xeito que se dote ao alumnado de ferramentas que lle permitan por unha banda o traballo en grupo, respecto ás producións dos outros, asunción de responsabilidades e á consecución de finalidades comúns coa aportación de todos, e incrementar o seu grao de consecución dos obxectivos establecidos a través da interacción cos outros, a axuda e colaboración mutua e a adquisición de estratexias para a autoaprendizaxe e coaprendizaxe.

Ao longo do curso académico, e seguindo as directrices establecidas pola CCP, cada nivel establecerá e revisará as medidas necesarias para poñer en práctica o Proxecto Educativo renovado, actualizado ás necesidades do centro, innovador e que responda ás necesidades do noso alumnado. Entre estas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas de aula. Estas programacións didácticas son remitidas ao servizo de Inspección Educativa en tempo e forma.

Cada mestra e mestre, pola súa banda, e partindo das programacións didácticas, elaborará a súa programación de aula que será a guía na práctica diaria na aula. As programacións de aula, quedarán en poder dos respectivos mestres e mestras para ser usadas nas aulas, podendo ser reclamadas en calquera momento para verificar a súa coherencia co Proxecto Educativo e as programacións.

As programacións didácticas son publicadas na web do centro e enviadas ás familias e á Inspección Educativa.

Con respecto á adscrición do profesorado, os criterios, tal e como establece a normativa actual, son:

- Adscrición ás etapas de Infantil e Primaria respectando o concurso de traslados.
- Necesidades do centro á proposta da dirección.
- Especialidades do profesorado.
- Coordinador Edixgal e profesorado plurilingüe.
- Respetar o dereito do alumnado a permanecer dous cursos co mesmo titor (de curso impar a par).
- Antigüidade como propietario definitivo no centro.
- Antigüidade no corpo.

Estes criterios aplícanse na mesma orde na que se relacionan, primando os primeiros sobre os últimos.

A organización das gardas do profesorado serán rexistradas segundo un índice resultante de dividir o número de gardas entre o número de horas de gardas a disposición do centro. Este índice irá aumentando a medida que máis gardas se fagan. De coincidir varios profesores na mesma quenda, fará garda o mestre con máis liberación horaria ese día seguindo o criterio do xefe de estudos. No caso de coincidir dous mestres co mesmo índice se terá en conta a persoa con máis dispoñibilidade horaria ese día e se non utilizárase o criterio alfabético do nome de pila.

Considéranse gardas as substitucións das ausencias doutros mestres, as provocadas polo acompañamento do alumnado ás saídas culturais e calquera outra causa xustificada como tal.

3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

Curso	Grupo	Nº alumnos	Nº repetidores	Nº alumnos con NEAE
INF	A	13	0	1
INF	B	13	0	0
1º	A	15	0	1
2º	A	16	0	2
3º	A	7	0	2
4º	A	9	0	1
5º	A	15	0	1
6º	A	22	2	6

Dende o Equipo de Orientación, coa supervisión do equipo directivo, organizaranse as horas de apoio e reforzo educativo do mestre de PT e AL.

O profesorado que imparte reforzo educativo en educación infantil ou educación primaria apoiará as necesidades do titor en aula e estará a disposición do que o titor teña programado para cada sesión.

As estratexias metodolóxicas empregadas na atención do alumnado con NEAE especificáanse no Plan de Orientación.

Estes alumnos e alumnas ao igual que os que reciben reforzo educativo, son atendidos seguindo o protocolo de actuación consensuado polo profesorado do centro ao inicio do curso seguindo as pautas do DO.

Tras as avaliacións iniciais, o profesorado realizará as peticións necesarias de atención ao DO. Este valorará as demandas, priorizará e avaliará as necesidades do alumnado proposto. Unha vez confirmadas as necesidades de atención, adoitase a medida necesaria (PT, AL, profesorado ordinario, individualización...) e comunicarase ao profesorado que fai a demanda.

A atención do alumnado varía en número de sesións segundo as prioridades e necesidades.

A atención será, preferentemente, dentro da aula ordinaria. Cando o alumno ou alumna dispoña de ACS o profesor de apoio tratará de respectar a adaptación dos contidos adaptados e facelos coincidir na medida do posible coa temática traballada na aula no momento en que se realiza o apoio.

O alumnado proposto para reforzo educativo, recibirá atención do profesorado de reforzo, preferentemente, na aula ordinaria traballando en todo momento segundo as propostas do profesor titor.

Tanto os apoios como os reforzos educativos serán revisables trimestralmente nas sesións de avaliación e ocasionalmente por motivos extraordinarios.

4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Curso	Titora/titor
INF A	Cristina Sanmartín García
INF B	Yolanda Méndez García
1º	María José Abad Fernández
2º	Eva Conchouso Fernández

3º	María Purificación Ferro Varela
4º	Patricia Pousada González
5º	Emma María Taboada Solla
6º	Carla García Romero

O centro comparte profesorado con outros centros educativos. A mestra de relixión católica itinera co CEIP Hío (Cangas) e o CEIP Quintela (Moaña) (luns e mércores), a mestra de relixión evanxélica itinera co CEIP "A Carballeira" (Lourizán) (xoves). A mestra de AL itinera co CEIP de Seixo (parte do luns, mércores e venres). O centro base de todas as mestras é o noso centro, CEIP da Laxe.

Especialista	Nome
Inglés	Ana María Galdo Rodríguez
EF	Sergio López Mourón
Música	Nuria Barros Presas
Relixión Evanxélica	Noemi González Rodríguez (itinerante)
Relixión Católica	Mónica Tomé Santiago (itinerante)
Orientador	Francisco J. Suárez Santiago

Pedagogía Terapéutica	Borja Barreiro Iglesias
Audición e Linguaxe	Cristina Casal Casalderrey (itinerante)

Profesorado	Áreas impartidas
M ^a José Abad Fernández	LC e LG-1ºEP / CCSS e CCNN (1º e 2º EP)- PLÁSTICA (1º, 2º e 3º EP)
Borja Barreiro Iglesias	PT EI e EP
Yolanda Méndez Martínez	Titora de EI B PSICOMOTRICIDADE ATENCIÓN EDUCATIVA EIA - EIB
Patricia Pousada González	LC, LG, MAT, PC, CCSS e CCNN - 4º EP Apoio en EI, Apoio en 1º
Eva Conchouso Fernández	LC, LG, MAT- 2ºEP MAT – 1ºEP Apoio en EI
Ana M ^a Galdo Rodríguez	INGLÉS EI - EP PLÁSTICA 4º, 5º e 6º EP

Carla García Romero	LC, LG, MAT, CCSS, CCNN, PC - 6º EP
Nuria Barros Presas	MÚSICA EI e EP MULTISENSORIAL EI Apoio en EI, 1º e 2ºEP
Noemi González Rodríguez	MESTRA DE RELIXIÓN EVANXÉLICA Apoio en EI Secretaria do centro
Cristina Casal Casalderrey	AL EI e EP ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EI
Sergio López Mourón	EF EP PSICOMOTRICIDADE EI Xefe de estudos do centro
Emma María Taboada Solla	LC, LG, MAT, CCNN, CCSS, PC - 5º EP Apoio 1º- 2º EP
Mª Purificación Ferro Varela	LC, LG, MAT, CCSS, CCNN e PC - 1º e 3º EP
Mónica Tomé Santiago	MESTRA DE RELIXIÓN CATÓLICA Apoio en EI

Cristina Sanmartín García	TITORA EI A Directora do centro
Francisco J. Suárez Santiago	ORIENTADOR APOIO EI EP
Jacobo Lema Alves	PROA+

Equipos de dinamización do centro	Titora/titor
EAE	Nuria Barros Presas (coordinadora) Purificación Ferro Varela Carla García Romero
EDLG	Yolanda Méndez Martínez (coordinadora) Patricia Pousada González Cristina Casal Casalderrey Jacobo Lema Alves
BIBLIOTECA	Noemi González Rodríguez (coordinadora) Eva Conchouso Fernández María José Abad Fernández Cristina Sanmartín García

	<p>Sergio López Mourón</p> <p>Ana M^a Galdo Rodríguez</p> <p>Mónica Tomé Santiago</p>
TICS	<p>Francisco J. Suárez Santiago (coordinador)</p> <p>Emma María Taboada Solla</p> <p>Borja Barreiro Iglesias</p>
EQUIPO CICLO INF	<p>Cristina Sanmartín García (coordinadora)</p> <p>Mónica Tomé Santiago</p> <p>Noemi González Rodríguez</p> <p>Yolanda Méndez Martínez</p>
EQUIPO 1º CICLO	<p>Eva Conchouso Fernández (coordinadora)</p> <p>María José Abad Fernández</p> <p>Borja Barreiro Iglesias</p> <p>Sergio López Mourón</p>
EQUIPO 2º CICLO	<p>Patricia Pousada González (coordinadora)</p> <p>Purificación Ferro Varela</p> <p>Francisco J. Suárez Santiago</p>
EQUIPO 3º CICLO	<p>Carla García Romero (coordinadora)</p> <p>Emma María Taboada Solla</p> <p>Nuria Barros Presas</p>

	Ana M ^a Galdo Rodríguez Jacobó Lema Alves
EDIXGAL	Borja Barreiro Iglesias (coordinador)
POLOS CREATIVOS	Borja Barreiro Iglesias (coordinador)
SECCIÓNS BILINGÜES	María José Abad Fernández Ana M ^a Galdo Rodríguez (coordinadora)
VOZ NATURA	María José Abad Fernández (coordinadora)
EQUIPO PLAN DIXITAL	Borja Barreiro Iglesias (coordinador) Emma María Taboada Solla Francisco J. Suárez Santiago

Outras coordinacións	Nome
PFPP-Seminario Aprendizaxe Cooperativa	Sergio López Mourón
PFPP-Grupo de traballo Patios activos	Eva Conchouso Fernández
PFPP-Seminario Polos Creativos	Yolanda Méndez Martínez
PFPP-Seminario Evaluación por	Noemi González Rodríguez

competencias	
--------------	--

Equipo directivo	Nome
DIRECTORA	Cristina Sanmartín García
SECRETARIA	Noemi González Rodríguez
XEFE DE ESTUDOS	Sergio López Mourón

5. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

A. CLAUSTRO

REUNIÓN Nº: 1	Data: 01/9/2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e aprobación, se procede da acta anterior. • Inicio de curso. • Modificación da distribución horaria. • Adscrición definitiva do profesorado. • Distribución de espazos. • Equipos de dinamización e coordinacións. • Plan de acollida para o curso 23-24. 			

- Datas non lectivas.
- Plans e proxectos.
- Información xeral.
- Rogos e preguntas.

REUNIÓN N°: 2	Data: outubro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e aprobación, se procede da acta anterior. • Lectura e corrección da PXA. • Rogos e preguntas. 			

REUNIÓN N°: 3	Data: decembro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e aprobación, se procede da acta anterior. • Estado das contas. • Rogos e preguntas. 			

REUNIÓN N°: 4	Data: marzo 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			

- Lectura e aprobación, se procede da acta anterior.
- Información sobre o proceso de admisión.
- Aprobación da continuidade en diferentes plans e proxectos.
- Rogos e preguntas.

REUNIÓN Nº: 5	Data: xuño 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e aprobación, se procede da acta anterior. • Información final de curso. • Aprobación da continuidade en diferentes plans e proxectos. • Memorias finais de curso. • Rogos e preguntas. 			

O Claustro de mestres planificará, coordinará e decidirá sobre diferentes aspectos docentes. Celebrarase, como mínimo, unha reunión trimestral e sempre que as necesidades do centro así o demanden.

B. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar reunirase sempre que a comunidade educativa o precise e como mínimo unha vez ao trimestre durante o curso.

REUNIÓN Nº: 1	Data: setembro 2023	Ordinario: <input type="checkbox"/>	Extraordinario: <input checked="" type="checkbox"/>
----------------------	----------------------------	--------------------------------------------	------------------------------------------------------------

REUNIÓN N°: 2	Data: outubro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 3	Data: decembro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 4	Data: marzo 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 5	Data: xuño 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> ● Inicio de curso. ● Constitución do Consello escolar. ● Aprobación da PXA. ● Aprobación do resumo de contas . ● Solicitudes de admisión para o curso 2024/2025. ● Valoración comedor/madruga. ● Aprobación de continuidade en plans e proxectos. ● Aprobación da Memoria Resumo do curso. ● Excursión de 6°. 			

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

SECTOR PROFESORADO	SECTOR FAMILIAS	PERSOAL NON DOCENTE
Cristina Sanmartín García	Santiago Casás Barral (ANPA)	Vanessa Guimeráns Dopazo

Sergio López Mourón Noemi González Rodríguez Eva Conchouso Fernández Borja Barreiro Iglesias Ana Galdo Rodríguez Mónica Tomé Santiago Nuria Barros Presas	Iván González Fernández Xiana Méndez Estévez Margarita González Romero Julia Olañeta Barbero	REPRESENTANTE DO CONCELLO Marián Sanmartín García
COMISIÓN ECONÓMICA	COMISIÓN DE CONVIVENCIA	COMISIÓN DE BIBLIOTECA
Cristina Sanmartín García Noemi González Rodríguez Sergio López Mourón Xiana Méndez Estévez	Cristina Sanmartín García Iván González Fernández Vanessa Guimeráns Dopazo Borja Barreiro Iglesias	Cristina Sanmartín García Sergio López Mourón Margarita González Romero Santiago Casás Barral Noemi González Rodríguez Representante biblioteca pública Marián Sanmartín García

C. CCP

A Comisión de Coordinación Pedagóxica está composta polos seguintes membros:

- Cristina Sanmartín García
- Sergio López Mourón
- Noemi González Rodríguez
- Yolanda Méndez Martínez
- Nuria Barros Presas
- Eva Conchouso Fernández
- Patricia Pousada González
- Carla García Romero
- Cristina Casal Caslderrey
- Borja Barreiro Iglesias
- Francisco Suárez Santiago

Reunirse unha vez ao mes e entre as accións previstas para este curso están:

REUNIÓN N°: 1	Data: setembro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 2	Data: outubro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 3	Data: novembro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 4	Data: decembro 2023	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 5	Data: xaneiro 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 6	Data: febreiro 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN N°: 7	Data: marzo 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>

REUNIÓN Nº: 8	Data: abril 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 9	Data: maio 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
REUNIÓN Nº: 10	Data: xuño 2024	Ordinario: <input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinario: <input type="checkbox"/>
Temas a tratar:			
<ul style="list-style-type: none"> ● Inicio de curso. ● Organización pedagóxica. ● Revisión de documentos de centro. ● Documentos de centro ● Propoñer as datas de avaliación e reunións coas familias no inicio de curso. ● Acordar as conmemoracións que se van traballar este curso. ● Elevar propostas ao claustro a fin de establecer os criterios para a elaboración da concreción curricular. ● Establecer as directrices xerais para a elaboración de ACS. 			

6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN

O equipo directivo traballará de xeito coordinado no desempeño das súas funcións, procurando dinamizar todas as actividades, plans e proxectos do centro e que este funcione do mellor xeito posible.

O plan de actuación do equipo directivo terá como finalidades:

- Implicar e motivar a todo o profesorado no desenvolvemento de actividades, plans e proxectos e no cumprimento das normas de organización e funcionamento do centro.

- Garantir unha igualdade efectiva de oportunidades baseada na atención á diversidade e prestando os apoios e reforzos necesarios.
- Implicar a toda a comunidade educativa para lograr a igualdade e evitar os comportamentos sexistas.
- Favorecer a dinamización da tarefa docente coordinando a implicación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Facilitar aos equipos de dinamización os medios precisos para levar a cabo a súa tarefa dinamizadora.
- Organizar os simulacros establecidos no plan de auto protección escolar, establecendo contacto necesario cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias e outros servizos que o precisen.
- Participar nas convocatorias de actividades que fomenten o emprego da lingua galega como canle de comunicación e recuperación da tradición popular.
- Velar polo respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Establecer boas relacións coas diferentes institucións.

7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

Sesión	Horario
1ª sesión	9:00 – 09:50
2ª sesión	09:50 – 10:40
3ª sesión	10:40 – 11:30
Tempo de lecer	11:30 – 12:00
4ª sesión	12:00 – 13:10

5ª sesión	13:10 – 14:00
-----------	---------------

A xornada escolar está organizada en sesión continuada de 9:00 h a 14:00 h. Está dividida en cinco sesións de cincuenta minutos cada unha. Trinta minutos adicados ao tempo de lecer e vinte minutos á lectura.

Dentro da xornada escolar, todo o alumnado recibe as sesións sinaladas por lei para todas e cada unha das áreas curriculares. Ademais contéplase dúas sesións semanais para asistir á biblioteca do centro e realizar tanto o préstamo de libros como o uso dos diferentes espazos.

Respectaranse os períodos de vacacións segundo o calendario escolar. Os días non lectivos elixidos polos centro educativos da localidade de Marín e unha vez aprobada esta Programación Xeral polo Consello Escolar serán:

- 13 de outubro de 2023
- 20 de maio de 2024

8. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

Divídense as zonas de uso exterior de xeito que o alumando de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º EP compartan patio e INF estea na súa zona.

As ausencias do profesorado na vixilancia dos patios estará cuberta segundo un cadro de substitucións do profesorado para a vixilancia dos patios. A orde a respectar será o criterio do xefe de estudos tendo en conta a carga horaria e a orde alfabética polo apelido.

GARDAS PATIO + LECTURA CURSO 2023-2024										
	LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
AULA	PATIO	LECTURA	PATIO	LECTURA	PATIO	LECTURA	PATIO	LECTURA	PATIO	LECTURA
EIA	CRIS	CRIS	CRISTINA	NOEMI	CRIS	CRIS	CRISTINA	NOEMI	MÓNICA	NOE/CRIS
EIB	NURIA	YOLI	YOLI	NURIA	NURIA	YOLI	YOLI	NURIA	QUENDA ALEATORIA	
1ºEP	BORJA	Mª JOSÉ	Mª JOSÉ	BORJA	BORJA	Mª JOSÉ	MÓNICA	BORJA		
2ºEP	EVA	PACO	PACO	EVA	EVA	PACO	PACO	EVA		
3ºEP	PATRI	PURI	PURI	JACOBO	PATRI	PURI	PURI	JACOBO		
4ºEP		JACOBO		PATRI		JACOBO		PATRI		
5ºEP	MARÍA	ANA	CARLA	MARÍA	MARÍA	ANA	CARLA	MARÍA		
6ºEP		CARLA		SERGIO		CARLA		SERGIO		

BIBLIO:

- **TURNO A:** NOE/SERGIO (LUNS E MÉRCORES); **TURNO B:** MÓNICA/ANA (MARTES) E MARÍA JOSÉ/ANA (XOVES).

9. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Actividade formativa/programa: POLOS CREATIVOS						
Descrición do programa	Coñecer os recursos do programa Polos Creativos e o seu uso pedagóxico e curricular co alumnado. Seminario 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T		2º T		3º T	
	<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>	

Responsables	CFR	
Participantes	10 mestres	Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Nome coordinador	Yolanda Méndez Martínez	
Nome asesor externo	Marcos Gómez	

Actividade formativa/programa: PATIOS						
Descrición do programa	Dinamización, distribución e organización dos patios. Grupo de traballo 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input checked="" type="checkbox"/> Grupo traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T		2º T		3º T	
	<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>	
Responsables	CFR					
Participantes	6 mestres					

Nome coordinador	Eva Conchouso Fernández					
Nome asesor externo	Marcos Gómez					
Actividade formativa/programa: PRIMEIROS AUXILIOS (PATIOS)						
Descrición do programa	Atención ante emerxencias sanitarias. Curso 10 horas.					
Tipo	<input checked="" type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo de traballo	<input type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T	2º T		3º T		
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>		
Responsables	CFR					
Participantes	10 mestres					
Nome coordinador	Eva Conchouso Fernández					
Nome asesor externo	Marcos Gómez					

Actividade formativa/programa: APRENDIZAXE COOPERATIVO

Descrición do programa	Afondamentos da aprendizaxe cooperativa. Seminario 40 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T		2º T		3º T	
	<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>	
Responsables	CFR					
Participantes	11 mestres			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Nome coordinador	Sergio López Mourón					
Nome asesor externo	Marcos Gómez					

Actividade formativa/programa: AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

Descrición do programa	Planificar, deseñar, desenvolver e avaliar as programacións didácticas. Seminario 20 horas.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo de traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>		
Responsables	CFR					
Participantes	10 mestres		Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>			
Nome coordinador	Noemi González Rodríguez					
Nome asesor externo	Marcos Gómez					

10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Prema na seguinte ligazón para consultar o as listaxes correspondentes a este curso <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdalaxe/taxonomy/term/58>.

11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Nuria Barros Presas	1	EI, EP - Música
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Purificación Ferro Varela		Titora 3º EP
Carla García Romero		Titora 6º EP

Concreción anual do programa.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
1ª avaliación			
Inicio de curso	11/09/23	Todos	EACE-EDLG
Convivencia Praia	29/09/23	5º-6º EP	Titores e especialistas
Xogade: Cross Escolar (San Pedro)	05/10/23	2º a 6º EP	Titores e especialistas
Digitalweek	10/23	6º EP	Titora 6º
Samaín – Magosto	31/10/23	Todos	EACE-EDLG
Día Mundial da Infancia	20/11/23	Todos	EACE-EDLG
Día Int. contra a Violencia de Xénero	25/11/23	Todos	TIC
Día Int. das persoas con discapacidade	03/12/23	Todos	BIBLIO

Nadal	21/12/23	Todos	BIBLIO
2ª avaliación			
Día escolar da non violencia e da Paz	30/01/24	Todos	BIBLIO
Entroido	09/02/24		EACE-EDLG
Día Mundial da Radio	13/02/24		BIBLIO
Día Int. da Muller	08/03/24		TIC
Benvida primavera – Carreira Enki	22/03/24		EACE-EDLG
3ª avaliación			
Semana do Libro	22-26/04/24	Todos	BIBLIO
Semana das Letras Galegas	13-16/04/24	Todos	EACE-EDLG
Día contra o Acoso Escolar	02/05/24	Todos	TIC
II Mostra Laxeira “MarabillARTE”	06/24	Todos	EACE-EDLG
Festa de Fin de Curso	06/24	Todos	Titores e especialistas
Saída Fin de Curso	11/06/24	EI, 1º-2º-3ºEP	Titores e especialistas
Saída Fin de Curso	06/24	4º-5º-6º EP	Titores e especialistas
Sede Afundación (Pontevedra)		Todos	Titores e especialistas
<p>Ademais das actividades citadas, o <i>Equipo de actividades complementarias e extraescolares</i> colaborará con todos os equipos de dinamización naquelas actividades que requiran unha organización conxunta.</p> <p><i>*Quedan pendentes de concreción outra serie de actividades complementarias e extraescolares que no presente curso estarán estreitamente relacionadas co PDI do centro “MarabillARTE”.</i></p>			

12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Levarase a cabo un simulacro no primeiro trimestre do curso no que se presenta ao novo profesorado o seu funcionamento, se comproba a súa adecuación e se corríxen posibles erros ou problemas que puideran darse.

Levarase a cabo formación do profesorado en primeiros auxilios.

13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

ATE

O centro dispón de coidadora a tempo total, dadas as necesidades reais do noso alumnado: mobilidade reducida, diabetes...

A coidadora realiza as súas funcións segundo o horario marcado polas necesidades dos propios alumnos suxeitos dos seus cuidados: acompañamento, control, aseo, rutinas diarias...

Actualmente o seu horario é de 08:50 horas a 16:00 horas de luns a venres, quedando este pendente de poder sufrir modificacións dependendo da demanda de comedor ou plan madruga se houberse necesidade por parte dalgún alumno que atende.

AUXILIAR DE CONVERSA

O noso centro é un centro plurinfantil, plurilingüe en 1º e 2ºEP e con seccións bilingües na materia de plástica (educación artística), polo tanto contamos con auxiliar de conversa para reforzar a lingua inglesa nesta materia, compartindo o auxiliar co CEIP Torre-Cela.

AUXILIAR CONVERSA				
		EI	PLAS 1º	
		PLAS 2º	PLAS 4º	
		R.B.	PLAS 6º	
		PLAS 5º	PLAS 3º	

14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:10-10:00	Dirección Secretaría	Dirección Secretaría	Dirección Secretaría	Dirección Secretaría	
13:10-13:50	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría	

Titorías	Martes de 18:00 - 19:00 horas
----------	-------------------------------

15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Conscientes de que a educación non pode ter sentido nin eficacia sen o traballo conxunto de toda a comunidade educativa escolar, propoñemos as seguintes actividades baseadas nos obxectivos da PXA para o actual curso:

Actividade/programa: Potenciar a comunicación entre os membros da comunidade escolar.			
Horas	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Responsables	Mestres		
Participantes	Familias e mestres		

Actividade/programa: Levar a cabo conferencias, talleres, debates, escola de familias...			
Horas	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Responsables	Equipo directivo e CFR		
Participantes	Diferentes membros da comunidade educativa		

Actividade/programa: Actualizar e potenciar a web do centro.			
Horas	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Responsables	Equipo directivo e equipo TIC		
Participantes	Diferentes membros da comunidade educativa		

Actividade/programa: emprego de AbalarMobil para xustificación de faltas e solicitude de titorías.			
Horas	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Responsables	Profesorado e familias		
Participantes	Comunidade educativa		

16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Este centro non conta con transporte escolar.

17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O centro dispón de comedor como servizo externo, xestionado pola ANPA coa empresa ARUME. Unha vez ao trimestre, no Consello Escolar, emitirase a valoración do mesmo como medida de seguimento.

18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Para a utilización das instalacións por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional, a directora poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

Setembro

- Prazo para facerse socios da ANPA ata o 15 de outubro de 2023 e agasallo de benvida aos socios a partir do día 15.
- Oferta de actividades extraescolares.
- Posta en marcha do comedor.

Outubro

- Asemblea informativa o día 2/10/23.
- Festa do Samaín con magosto o 31/10/23.
- Concurso do Samaín (de levarse a cabo).

- Iniciamos actividades extraescolares de cociña os luns, Inglés Trinity os martes e pendente de levar a cabo baile moderno e teatro luns e mércores no pavillón do CEIP da Laxe.
- Venta de bocadillos luns e mércores para recadar fondos a ANPA
- Participación no Samaín Briz para recadar fondos ANPA excursión 6ºEP.

Novembro

- Poñemos á venda o calendario do cole.
- Venta de rifas dunha cesta de Nadal para recadar fondos para a ANPA.

Decembro

- Concurso Nadal (agasallo para os nenos)
- Visita de Papa Noel ou Reis Magos con agasallos para todo o alumnado do centro coa colaboración do centro.
- Colaboramos co alumnado no mercadillo de Nadal das ANPAS organizado polo Concello.
- Venta de artigos sobrantes do mercadillo nas saída do colexio.

Xaneiro

- Colaboramos co cole na difusión das xornadas de portas abertas.

Febreiro

- Concurso de Entroido (de levarse a cabo).
- Colaboramos na montaxe da temática do Entroido.
- Obradoiro de filloas con degustación das mesmas para todo o alumnado coa colaboración do centro.

Marzo

- Asemblea ordinaria da ANPA.

Maio.

- Remate das actividades extraescolares.

Outros

- De novembro a xuño levaremos a cabo algún taller de cociña, día do pai, día da nai...
- Bonificamos aos socios na cota das excursión.
- O centro infórmanos en cada momento de todas as propostas que emprenden.
- Colaboramos na festa de fin de curso cunha merenda para todo o alumnado do centro.
- Axudar sempre que se nos pida colaboración, Enki, Magosto, Maio...

20.PLAN ANUAL DE LECTURA

1. FUNDAMENTACIÓN.

O centro conta cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do Proxecto Lector, como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Desta maneira, a biblioteca escolar convértese nun elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe. Ademais, a biblioteca escolar servirá, de canle para integrar as tecnoloxías da comunicación, e ofrecerá a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do estrato económico e cultural de procedencia, actuando así

como axente de compensación social. Deste xeito, converterase nun axente mediador para a formación do alumnado nunha sociedade da información que demanda unha cidadanía capaz de consultar distintas fontes informativas, seleccionar de maneira crítica a información e construír de forma autónoma o coñecemento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A meirande parte do noso alumnado emprega a lingua castelá para se comunicar, dado que a maioría das familias emprega o castelán como lingua vehicular.

No que respecta á lectura, a competencia é baixa, habendo índices moitos menores en lingua galega. No eido das familias o hábito de lectura é escaso, e non en tódolos fogares teñen acceso a lecturas adaptadas á idade e as motivacións dos seus fillos e fillas. Polo tanto, os nosos esforzos centraranse na vinculación das familias e do alumnado cos libros e co hábito lector.

3. OBXECTIVOS

- Coñecer a organización básica da biblioteca e do material dispoñible. Coñecer o sistema de clasificación de material, uso do catálogo informatizado e localización segundo a sinalización.
- Coñecer a distribución de espazos fomentando a autonomía do alumnado: Arte, zona multisensorial, música, construcións, radio, investigación-traballo, zona de lectura e robótica.
- Considerar a biblioteca como un recurso para a aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias.
- Fomentar o desenvolvemento de competencias AMI.
- Fomentar a creatividade no alumnado e o emprego do método científico mediante diferentes actividades.
- Potenciar o fomento da lectura e a competencia lingüística.

- Formar ao profesorado e ao alumnado no uso do programa de xestión Koha.
- Formar ao profesorado e ao alumnado no emprego dos recursos da biblioteca: espazo maker, radio, xogos de mesa...
- Avanzar cara unha biblioteca inclusiva, non paternalista, igualitaria, normalizadora, respectuosa e visibilizadora da diversidade como espazo educativo e de encontro.
- Contribuír á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, co noso Proxecto Documental Integrado: MaravillARTE.
- Facer da biblioteca un espazo de aprendizaxe, sendo esta o eixe vertebral do centro, con actividades de carácter transversal a tódalas áreas e materias.
- Publicitar as creacións propias e os diversos recursos a través da páxina web do centro e das redes sociais.

4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

- ESPAZOS:

- ESPAZO DE LECTURA.

Zona con andeis baixos onde todo está ao alcance dos nenos e das nenas. Hai cadeiras baixas, pufs, coxíns, alfombras vinílicas e un "tipi". Tamén hai mesas e cadeiras altas para o traballo de consulta e investigación, estudo ou lectura e emprego dos xogos de mesa.

- ESPAZO MAKER.

• ROBÓTICA

Conta con 4 ipads, 4 tablets, 12 MBots, 6 BeeBots, 1 Robobloq qobo e un cubo holográfico para o uso guiado do alumnado.

• XOGOS DE MESA

Zona dotada de xogos que fomentan a aprendizaxe, a colaboración e o divertimento en equipo para os distintos niveis.

- CONSTRUCCIÓN

Conta con lotes de bloques e pezas de construción segundo o nivel evolutivo do alumnado.

- MÚSICA

Atópanse, neste recuncho, sofás, dous reprodutores de CD/DVDs con cascos para escoitar música e unha pantalla para ver vídeos.

- MESA DE LUZ

Está nun cuarto anexo dentro da propia biblioteca e servirá para desenvolver múltiples actividades co alumnado: xogos sensoriais, manipulativos, creativos, experimentación, debuxo, etc.

- ARTE

É un área con mesas e cadeiras. Hai gran número de gavetas con material para actividades relacionadas coa expresión plástica, onde o alumnado pode traballar a súa creatividade de forma libre ou guiada.

- CROMA

Zona dotada do fondo verde e teleprompter co fin da realización de diverso tipo de actividades.

- RADIO

Trátase doutro cuartiño anexo á biblioteca con xanela, equipado con todo o necesario para levar a cabo esta actividade.

- TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN.

Farase unha distribución horaria de xeito que cada grupo clase conte con dúas sesións de biblioteca á semana para facer o préstamo de fondos, traballos ou proxectos de diversa índole e emprego dos recursos existentes.

O resto das sesións semanais serán empregadas polos docentes segundo o precisen.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR DO CENTRO.

- Familiarizarse co programa de xestión da biblioteca KOHA.
- Ser o eixe de coordinación do PDI do centro: *MarabillARTE* (as sete marabillas do mundo moderno).
- Fomentar o lema de Bibliotecas Escolares de Galicia 23-24.
- Fomentar o emprego da plataforma E-ELBE.2.
- Investir na provisión de fondos en distintos formatos, especialmente coa temática do PDI e recursos para o alumnado NEAE.
- Formar ós usuarios sobre a organización e distribución de fondos e sobre o Proxecto KOHA..
- Empregar o *makersapce* de forma habitual para o fomento da lectura e o desenvolvemento de competencias.
- Traballar no desenvolvemento de competencias AMI.
- Crear un programa de voluntariado nos niveis de 5º e 6º de E. Primaria.
- Potenciar o funcionamento da biblioteca como espazo de apoio e recursos para o alumnado con NEAE.
- Empregar un SAAC en vías a lograr unha biblioteca inclusiva.

- Fomentar o hábito de lectura diaria coma unha fonte de coñecemento e enriquecemento persoal.
- Traballar de forma coordinada co equipo de EDLG, o equipo TIC, o equipo ACE.
- Colaborar no desenvolvemento dos programas en marcha no centro: Erasmus+, Voz Natura, Contratos Programa (ARCO, PROA, Innova, Recupera), Plan Proxecta, Froita e Leite na Escola, Radio na Escola, Biblioteca Creativa, Lectura e Familias, Edixgal, Club de Ciencia, Robótica, Polos Creativos, Plurinfantil e Plurilingüe.
- Aumentar a implicación do profesorado no uso da biblioteca para fomento da lectura e desenvolvemento de competencias.
- Dinamizar a mascota da biblioteca.
- Fomentar o uso da biblioteca cara as familias como espazo de documentación e formación.
- Implicar ás familias na participación das actividades vinculadas á lectura e ao desenvolvemento da competencia lingüística que se leven a cabo dende a biblioteca e o centro.
- Difundir as actividades realizadas e a promoción de actividades nas redes sociais e na web do centro.

6. SECCIÓNS.

Cada aula contará coa súa propia biblioteca, que será seleccionada polos propios mestres co asesoramento dos membros de equipo de biblioteca.

Esta biblioteca poderá ser renovada cando se precise, en función das necesidades e intereses dos mestres e o alumnado, pero necesariamente ao finalizar cada trimestre.

7. RUTINAS DE LECTURA.

